Dozón Turismo

dozonturismo.gal

ANTIGA CASA CONSISTORIAL



Está moi cerca da igrexa de Santa María de Dozón. Sitúase nun terreo lixeiramente elevado, rodeada de natureza e sutilmente escondida entre as árbores. É un inmoble duns 200 m² de planta rectangular e cuberta a catro augas.

A fachada é simétrica, coa entrada no medio, marcada por un pórtico de tres arcos de medio punto rebaixados con molduras sinxelas e a utilidade de poder gorecerse no seu interior antes de entrar no inmoble, moi axeitado tendo en conta que é un edificio público.

O resto das fachadas articúlanse con ventás sinxelas con grandes perpiaños reforzando o seu perímetro, igual que nos cantos do edificio. Aínda que está en desuso, segue mantendo o cartel de CASA CONSISTORIAL, detalle que, unido a súá ubicación no medio da natureza, achégalle a Casa un agradable sentimento evocador.

XUNTA DE GALICIA · galicia · Xacobeo 21·22 · GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN · FEADER Europa inviste no rural · LEADER · agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL